



Corrección de erros da resolución recaída no expediente. Nº RSCTG 044/2018, de reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Revisada a Resolución da Presidenta da Comisión da Transparencia do 19 de xuño de 2019, pola que se resolve a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED], resulta o seguinte:

Primeiro: A Comisión da Transparencia de Galicia, en sesión celebrada o 19 de xuño de 2018, acordou resolver a reclamación presentada por [REDACTED], en representación de [REDACTED], presentada contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información á Universidade de Santiago de Compostela, referente ao Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP).

Segundo: A Resolución, no seu fundamento xurídico quinto, “Análise do expediente” establece o seguinte:

“Tal e como consta no informe e se acredita no expediente remitido pola Universidade de Santiago de Compostela, a petición de información pública, unha vez presentada de acordo coa normativa de procedemento administrativo, tramitouse correctamente: por parte da Universidade: requiriuse ao interesado para que presentara a súa solicitude a través dos rexistros da Universidade ou da súa Sede electrónica e acreditara a súa condición de representante da asociación, trámites realizados polo interesado con data do 19 de marzo. O 22 de marzo de 2018, a Universidade comunica ao interesado a apertura do trámite de audiencia ao [REDACTED] con suspensión do prazo para resolver, de acordo co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, comunicándollo ao solicitante.

Unha vez finalizado o trámite anterior, mediante resolución do 23 de abril de 2018, a Universidade de Santiago de Compostela resolveu a solicitude de información pública remitindo ao interesado a información solicitada, segundo se acredita na copia do expediente remitido á Comisión.

O artigo 24 da Lei 19/2013, establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao disposto en materia de recursos, é dicir, ao disposto na vixente Lei de procedemento administrativo, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O interesado presentou a súa reclamación por correo electrónico con data do 30 de marzo de 2018 (con entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 2 de abril), antes por tanto de que rematase o prazo do trámite de audiencia iniciado o 22 de marzo que se lle comunicou, e antes de que rematase o prazo para resolver. O artigo 124 da Lei 39/2015, establece que o recurso presentarse no prazo dun mes se o acto contra o que se reclama é expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa, se produza o acto presunto. No presente caso, o interesado presentou a reclamación antes da finalización do prazo para resolver, polo que procede a inadmisión da reclamación, a estar presentada antes de finalización do prazo para resolver, non existindo por tanto acto susceptible de recurso, segundo dispón o artigo 116 c) da referida Lei.”

Terceiro: Na dita Resolución, a Comisión da Transparencia acordou o seguinte:

“**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED]”.

Cuarto: De acordo co anterior, existe unha contradición entre o fundamento xurídico citado e o sentido da Resolución adoptada, por canto no fundamento xurídico se razoa que procede a inadmisión da reclamación por estar presentada antes de finalización do prazo establecido na normativa para resolver, sen embargo o acordo estima, por motivos formais, a reclamación presentada. Esta contradición é debida a un erro material no “acordo”.

Por tanto, dado que no presente caso se produciu un erro material no sentido da resolución, procede a súa corrección, tendo en conta que a mesma non supón modificación algunha dos dereitos do recorrente, ao que se lle facilito por parte da

Universidade de Santiago de Compostela a información solicitada e no prazo establecido na normativa de transparencia.

De acordo co anterior, propónse a seguinte corrección da Resolución da Comisión da Transparencia do 19 de xuño de 2018, recaída no expediente RSCTG 044/2018:

Onde di :

“**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED]”.

Debe dicir:

“**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED]”

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2018.

Santiago Gonzalez Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia

COMISIÓN DA TRANSPARENCIA DE GALICIA

Vista a proposta do 10 de setembro de 2018, do Secretario da Comisión da Transparencia de corrección da Resolución da Comisión da Transparencia do 19 de xuño de 2018, recaída no expediente RSCTG 044/2018, a Comisión da Transparencia, en sesión celebrada o 18 de setembro de 2018,

ACORDA:

Corrixir, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Resolución recaída no expediente 44/2018, como figura a continuación:

Onde di :

“**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED]”.

Debe dicir:

“**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Plataforma [REDACTED]”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018.

Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia